

CAMPAMENTOS de VERÁN

2009



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
Concellería de Xuventude



DATOS IDENTIFICATIVOS

1.1 NOME DO PROXECTO:

CAMPAMENTOS DE VERAN 2009

1.2 DATA DE DESENVOLVEMENTO:

XULLO e AGOSTO 2009

1.3 ENTIDADE RESPONSABLE:

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

1.4 PERSOA RESPONSABLE

- TÉCNICO DE XUVENTUDE: Mercedes Lorenzo Núñez
- CONCELLERÍA DE XUVENTUDE : Oscar Graña García

DATOS DESCRIPTIVOS

2.1 DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

CAMPAMENTOS EXTERIORES:

A Concellería de Xuventude e Voluntariado convoca campamentos de verán para nenos e nenas de entre 6 e 12 anos e xóvenes de 13 a 17 , durante o mes de agosto. A duración dos campamentos será de 8 días no caso dos mais pequenos e de 10 días para os maiores.

- ❖ ALBERGUE RIANXIÑO: Para nenos e nenas de 6 a 12 anos. Do 1 ao 8 de agosto
- ❖ ALBERGUE LODOSELO: Para xóvenes de 13 a 17 anos. Do 17 ao 25 de agosto

CAMPAMENTOS DE DÍA:

Os campamentos de día organizados polo Concello de Cangas, dende a Concellería de Xuventude, pretenden incluír a tódolos cativos na dinámica campamental dende os catro anos.

Trátase de unha serie de actividades secuenciadas que simulan a convivencia nun campamento.

Con esta oferta súplense a carencia das actividades que se ofertan dende outras entidades para nenos e nenas de catro a dez anos, e se inclúen en actividades lúdico educativas a pequenos que non teñen posibilidade de ir a campamentos exteriores.

Este ano apostamos por ampliar cada turno de xeito que a súa duración sexa de 15 días en xornada de mañá

- ❖ Campamento de día de 7 a 10 anos: DO 1 AO 15 DE XULLO
- ❖ Campamento de día de 4 a 6 anos: DO 17 AO 31 DE XULLO

2.2 OBXECTIVOS

- Ofrecer novas alternativas de ocupa-lo tempo libre.
- Favorecer o espírito solidario e as relacións sociais.
- Fomentar hábitos responsables.
- Facilitar o coñecemento de novos lugares, novas persoas e diferentes tipos de experiencias e actividades.

2.3 DESTINATARIOS

Xóvenes do Concello dende 4 ata 17 anos

2.4 NÚMERO DE PRAZAS

150 PRAZAS

(Idade: anos cumpridos antes de comenzar o campamento e non superar a idade limite ata o remate do mesmo)

BASES

SORTEO DE PRAZAS

As prazas serán adxudicadas por sorteo sempre que as inscricións superen a oferta. O prazo de entrega de solicitudes rematará o día 12 Xuño

- Unha vez realizado o sorteo coas solicitudes sobrantes farase unha lista de espera
- Os sorteos serán realizados na Casa da Xuventude as 20.00 h. o día 17 de xuño .
O día seguinte do sorteo darase a coñecer o resultado dos mesmos.
- Os participantes seleccionados terán 48 horas contadas dende o día en que se de a coñecer o resultado do sorteo para fixar a

reserva. De non ser así a praza adxudicarase o primeiro de lista de espera.

Deberán entregar a seguinte documentación:

- Xustificación do pagamento
- Fotocopia de DNI ou folla correspondente do libro de familia
- Fotocopia do documento de afiliación á seguridade Social ou seguro médico privado
- Cuestionario médico-sanitario
- Autorización do pai/nai ou tutor

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente o interesado non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos quince días antes do inicio da actividade ou causa maior xustificada.

PREZO DO CAMPAMENTO

CAMPAMENTO RIANXIÑO.....(40 pax).....140 €

CAMPAMENTO LODOSELO(35 pax).....170 €

CAMPAMENTO DE DIA.....(40 pax).....35 €